



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MRP

Exp.

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DE CONTRATAR AS ACCIÓNS FORMATIVAS DENTRO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2023/2024

En relación ao expediente TR332A 2023/62 o Concello das Pontes de García Rodríguez, dentro da súa competencia de prestación de servizos á cidadanía, e a través da Área de Emprego, realiza diversas accións encamiñadas ao fomento da empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas do municipio mediante o Programa Integrado de Emprego do Concello das Pontes, As Somozas e A Capela 2023/2024.

Dende a Área de Emprego dispense da documentación necesaria para dar cumprimento ao disposto regulado pola Orde do 14 de xuño de 2023 polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, no que se contempla formación en diversas materias para aumentar a cualificación das persoas desempregadas que forman parte do programa e así garantir o seu acceso, mantemento ou reciclaxe profesional e a súa inserción no mercado laboral.

INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Para a coordinación cos docentes/empresas de formación así como para o resto de accións individuais ou grupais (sesións de orientación laboral, asesoramento ós participantes, intermediacións laborais, etc) dentro do programa integrado de emprego, o concello conta coa coordinadora do programa integrado.

Para o efectivo desenvolvemento das formacións, os servizos obxecto de contratación, non poden ser realizados por persoal propio do Concello das Pontes de García Rodríguez por non dispoñer dos medios técnicos necesarios nin dos recursos humanos profesionais óptimos para acadar a súa finalidade.

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

O procedemento de licitación é o procedemento aberto supersimplificado previsto no artº 159.6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do Sector público posto que o seu valor estimado é inferior a 60.000,00 €.

CONCLUSIÓN

Á vista do anteriormente exposto, considérase xustificado con este documento o requisito previsto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, relativo á necesidade e idoneidade de contratación do servizo de cursos de formación dentro do Programa Integrado de Emprego 2023/2024.

As Pontes de García Rodríguez,

Ana María Pena Purriños

Concelleira de Emprego